

O complexo hospitalario de Ourense comprométese coa calidade asistencial

• *O primeiro xerente da “Residencia” e ex director xeral do Insalud, José Luís Temes Montes, falou sobre a “calidade hospitalaria” nunha sesión clínica na que se deron a coñecer as principais liñas de traballo para garantir e avaliar a calidade dos seus procesos asistenciais.*

• *Esta sesión clínica é a materialización do pulo que o actual equipo directivo estalle a dar á xestión da calidade.*

• *Un responsable médico do Complexo Hospitalario de Ourense encargárase de coordinar o conxunto de iniciativas da xestión da calidade, e da posta en marcha de Comisión.*

(miércoles 11 de abril de 2007)

XORNAL I Ourense .- O responsable da área de calidade do Complexo Hospitalario de Ourense, Bernardino Alonso, presentou hoxe os principais obxectivos de mellora fixados polo centro neste eido, nunha sesión clínica compartida con José Luís Temes Montes, invitado polo CHOU a reencontrarse co seu hospital de orixe e punto de partida da súa longa e fructífera carreira no eido da xestión sanitaria, para expoñer o tema “Calidade Hospitalaria”.

A sesión clínica de hoxe supón a materialización do pulo que o actual equipo directivo desexa darlle á xestión da calidade. Con este obxectivo ven de nomear a un responsable médico, Bernardino Alonso Fernández, que será o encargado de coordinar o conxunto de iniciativas que se establezan neste eido. Un dos seus primeiros retos será precisamente a posta en marcha das Comisións Clínicas, inexistentes na actualidade, e fundamentais a hora de garantir a calidade asistencial que se presta desde o Complexo Hospitalario de Ourense.

Nesta liña, Alonso Fernández explicou a importancia de unir nunha algunhas das comisións clínicas, tradicionalmente independentes, así como de poñer en marcha os protocolos para a elaboración de documentos clínicos como vía para garantir a calidade da súa cobertura e facilitar a súa consulta ou rexistro.

REENCONTRO CO HOSPITAL.- A presentación das liñas mestras para a implantación da calidade nos procedementos asistenciais do CHOU, serviu para facilitar o reencontro de José Luís Temes Montes co hospital onde exerceu, hai mais de vinte anos, como nefrólogo e do que foi primeiro xerente, xa que na actualidade este ourensán é un dos mais recoñecidos expertos no eido da xestión sanitaria, tema que centra na actualidade a súa carreira profesional como consultor sanitario e profesor de Xestión Sanitaria no “Centro Superior de Xestión, e Avaliación” da Facultade de Medicina da Universidade Complutense de Madrid.

Na súa fructífera carreira profesional, este Doutor en Medicina e Cirurxía, Especialista en Nefroloxía, Master en Dirección de Empresas, Director Médico e Xerente de Hospitais pola Escuela Nacional de Sanidade, ten sido director xeral do Instituto Nacional de la Salud (INSALUD), director xerente do Hospital Reina Sofía de Córdoba, da **Fundación Jiménez Díaz (Clínica de la Concepción)** e do Hospital La Paz de Madrid, do Hospital Nacional Marqués de Valdecilla de Santander e, como punto de partida, da Residencia Sanitaria Nosa Señora do Cristal de Ourense, actualmente parte do CHOU.

Xunto con toda esta actividade profesional e docente o Temes é co-autor dos capítulos Control de Calidade Asistencial e Xestión de Servizos de Enfermería do libro Xestión Hospitalaria; co-autor do capítulo Área de Saúde. Atención Especializada y Hospitalización do libro Medicina Preventiva e Saúde Pública, xa na súa 9ª edición; e autor do manual de referencia para o sector: Xestión Hospitalaria da prestixiosa editorial Mc Graw-Hill que ven de publicar a súa cuarta edición este mesmo ano. Tamén é autor dos libros O custe por proceso hospitalario; O Sistema Nacional de Saúde; e Xestión Clínica e Xestión por Procesos Asistenciais: Aplicación Práctica precisamente dous dos temas con maior vixencia e protagonistas da actuais liñas de evolución da xestión sanitaria.

Precisamente estes dous últimos temas, a xestión clínica e por procesos, centraron a súa conferencia de hoxe, na que destacou que a calidade hospitalaria pasa pola aplicación de ambas ferramentas de xestión, xa que permiten a optimización dos servizos sanitarios, implicando dunha banda aos profesionais nos obxectivos do centro e na súa xestión, e achegándose, doutra, ás necesidades dos usuarios.